


MARTES 5 DE MAIO DE 2020

ACTIVIDADE 1.

LECTOESCRITURA.

Os ourizos son animais terrestres. Que outros animais son tamén terrestres? Ademais de terrestres outros medios polos que se desprazan os animais son o aéreo e o acuático.

Imos clasificar diferentes animais segundo o medio se desprazan. Non é preciso imprimir: podedes escribir o nome e clasificalos igualmente, coller imaxes de revistas se tedes esa posibilidade, debuxalos,...



AIRE	TERRA	AUGA


CRA
Ponte da
Pedra

MARTES 5 DE MAIO DE 2020

ACTIVIDADE 2.


LÓXICA MATEMÁTICA

3 ANOS: nun folio escribimos os número do 1 ao 6 e lanzamos un dado. Imos tachando os números que vaian saíndo.




4 ANOS: a actividade será a mesma que en tres anos pero con dous dados. Preguntamos:

- que número non vai saír nunca cos dous dados?
- cal é o número máis pequeno que pode saír cos dous dados?
- E o maior?



5 ANOS: a actividade é a mesma pero con tres dados. Facémoslle as mesmas preguntas.



Sesión música infantil do 5 ao 8 de maio

1º Audición do Voo do moscardo interpretado polo grupo Canadian Brass

[Flight of the Bumblebee-Canadian Brass](#)(preme para escoitar).

-Gustouche a canción? por que si/non? Coñecíala? **O Voo do moscardo (ou do abellón) é unha peza musical do compositor ruso [Rimski-Kórsakov](#)** (preme para ver a imaxe) **que pretende representar o voo dun abellón.**

-Coñeces algún dos instrumentos que aparecen? [Trompetas](#), [Trompa](#), [Trombón](#) e [Tuba](#)(preme para ver os instrumentos). Como se fan soar estes instrumentos? **Soplando.** Lembras que tipo de instrumentos son os que soan cando lle soplamos? **Instrumentos de Vento.**

2º Bailamos coa música

-Reproducimos a seguinte canción [Danza del fuego](#)(preme para escoitar) e bailamos adaptando os nosos movementos á intensidade da música.

-Podemos volver a bailar coa canción pero desta vez xogando ás estatuas musicais, cada vez que para a canción teñen que pararse na posición na que estaban ou segundo nos lle digamos (quietas cunha perna no aire, cunha pé e unha man tocando o chan, coas mans e os pés apoiados no chan, etc).

3º Cantamos Cinco dediños

-Imos aprender e a canción [Cinco dediños](#)(preme para escoitar) de Cé Orquestra Pantasma. Aprendemos a letra e cantamos con ela. Unha vez teñamos aprendida a [letra](#) (preme para ver a letra) intentamos pouco a pouco ir aprendendo o signos e cantamos e facemos os signos acompañando a canción. Non temos que facelo todo no mesmo día, podemos poñerlla pola semana e que a vaian practicando.

4º Debuxamos

-Collemos un folio e un lapis, rotulador, lapis de cor ou bolígrafo. Reproducimos o [Voo do moscardo](#)(preme para escoitar) e pintamos mentres soa a música. Non se pode levantar o lapis do folio, paramos a música se queremos cambiar de cor. Temos que trazar/debuxar o voo que faría, non o pintar o insecto en si mesmo. É importante prestarlle moita atención á música e adaptar os nosos movementos á mesma. A debuxar!

-Un vez rematada a música, podemos colorear as formas cerradas e poñer puntos e liñas nos espazos abertos, ou como eles prefiran. [Exemplo](#) (preme para ver exemplos).

5º RETO DESTA SEMANA!!

-Como entramos no mes de maio anímovos a que fagades un [maio](#)(preme para ver exemplos) cos obxectos que teñades pola casa e a que escoitedes a canción [Aí ven o maio](#)(preme para escoitar) de Luis Emilio Batallán, agardo que vos guste. Apertas a todas e a todos!